

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2013

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D. Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente do Padroado,
D. Francisco Fariña Busto, presidente da Xunta Reitora,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro da Xunta Reitora,
D. Manuel Caamaño Suárez, vocal da Xunta Reitora,
D. Carlos García Martínez, director do Museo do Pobo Galego,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, subdirectora do Museo do Pobo Galego,
D. Álvaro R. Arizaga Castro,
D. Víctor Manuel Baladrín Lamas,
D. Daniel Barcia Baliñas,
D. Carlos Beiró Piñeiro,
D. David Conde Lourido,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D. Francisco R. Durán Villa,
D. Jesús García Devesa,
D. José Manuel González Monje,
D. Iago Isasi Freire,
D. Agostiño E. Landeira García,
D. José M. Laredo Cordonié,
D. Xosé R. Lema Bendaña,
D^a. Estefanía A. Lodeiro Paz,
D^a. Rosa Martínez Ferreiro,
D. Luís Martul Tobío,
D. José Francisco Méndez García.
D. Xoán Xosé Molina Vázquez,
D^a. Isabel Mosteiro Martínez,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D^a. M^a. Virtudes Pardo Gómez,
D. Bieito Pérez Outeiriño,
D. Xaquín Penas Patiño,
D. Manuel Pérez Brocos,
D^a. Herminia Pernas Oroza,
D. Juan Pintos Barreiro,
D. Gabriel Quiroga Barro,
D^a. Estrella Rúa Barcia,
D. Eusebio Rey Seara,
D^a. Montserrat Serodio Alonso,
D^a. Marina Toba Barrientos,
D. Miguel Vázquez Freire,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D^a. Mari Vega Cerqueiro,
D. Manuel Vilar Álvarez,
D. Manuel Vilas Tubío,
D. Tino Viz Otero,
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A AUSENCIA:

D. Xulio Rodríguez González,
Concello de Cambados,
Don Juan José Fajardo Piñeiro, en nome de J.J. Chicolino,
Don Roberto Tojeiro Rodríguez, en nome de Gadisa Retail S.L.U.,
D. Santiago Juega Puig, e
D. Julio Vázquez Angueira.

En Santiago de Compostela, a 4 de maio de 2013, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencia e desculpas de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea quen, despois de expresar o agradecemento aos patrocinadores e socios protectores do MPG, procede a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA DO 8 DE MAIO DE 2010

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral ordinaria celebrada o 8 de maio de 2010, a acta estivo a disposición dos socios e socias na páxina web do Museo, e foi remitida por correo electrónico aos socios e socias de quen consta o enderezo electrónico.

Ao non haber alegacións á acta, apróbase.

2. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS SOCIOS E SOCIAS NO PADROADO E NA XUNTA REITORA.

En cumprimento do disposto na normativa do MPG, iniciouse o procedemento para a elección de cinco representantes dos socios e socias na Asemblea Xeral do Padroado que cesan no seu mandato, e que viñan sendo ocupados por:

- D. Xoán Ramón Marín Martínez.
- D. Manuel Vilar Álvarez.
- D. José María Laredo Cordonié.
- D. X. Carlos Beiró Piñeiro.
- Concello de Narón.

Remitida a documentación pertinente o 25 de marzo de 2011, abriuse o prazo de presentación de candidaturas até o día 30 de abril, no que se presentaron en tempo e forma:

- D. José Manuel González Monje
- D. Iago Isasi Freire
- D^a. Mercedes Vega Cerqueiro.

O secretario da XR verificou que todas as candidaturas presentadas cumpren cos requisitos establecidos no artigo 28 dos Estatutos do Padroado do Museo do Pobo Galego e figuran na lista de socios elixibles, polo que procede á proclamación das mesmas. Segundo o disposto no artigo 18 do Regulamento de Réxime Interno do Padroado do MPG, ao ser inferior o número de candidatos presentados ao número de vacantes existentes, procede a súa proclamación como representantes dos socios e socias no Padroado.

Ao quedar aínda vacante dous postos, o secretario pregunta se calquera dos presentes na Asemblea quere presentar persoalmente a súa candidatura. Preséntanse dúas candidatas:

- D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- D. Montserrat Serodio Alonso.

Ao non ser superior o número de candidaturas presentado ao número de postos vacantes, procede a súa proclamación como representantes de socios e socias no Padroado.

Levantada acta da elección, o presidente do Padroado proclama os candidatos electos para que tomen posesión dos seus cargos:

- D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- D. Iago Isasi Freire
- D. José Manuel González Monje
- D. Montserrat Serodio Alonso.
- D^a. Mercedes Vega Cerqueiro.

A continuación procédese á elección de vocal representante dos socios e socias na Xunta Reitora. Preguntados polo secretario quen quere presentarse ao cargo entre os novos membros presentáronse dúas candidatas:

- D^a. Mercedes Vega Cerqueiro
- D^a. Esperanza Delgado Rosende.

Sometido a votación o resultado é o seguinte:

- D^a. Mercedes Vega Cerqueiro 13 votos
- D^a. Esperanza Delgado Rosende 7 votos.
- Brancos 9 votos
- Nulos 3 votos

Polo que se procede á proclamación de D^a. Mercedes Vega Cerqueiro como vocal en representación dos socios e socias na XR.

3. INFORME DA XUNTA REITORA DO MUSEO.

D. Francisco Fariña Busto, presidente da Xunta Reitora, presenta o Informe de Xestión:

Consonte coas súas obrigas específicas, a Xunta Reitora do MPG comparece ante os socios e socias para enumerar o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a reunión anual de 2012.

En primeiro lugar dar conta da execución das propostas presentadas na Asemblea de 2012 tanto en relación coa solicitude presentada verbo das visitas de grupo promovidas pola empresa Mundo Senior como de insistir diante da Administración competente na protección do Patrimonio Etnográfico.

Seguidamente presentar un breve relatorio de informacións referidas ao Museo, comezando polas mostras e testemuños de recoñecemento ao labor do Museo ao longo deste período:

- Premio Luís Tilve 2012, de defensa dos bens comúns, concedido pola Fundación do mesmo nome.
- Enxebre Orde da Vieira: Trofeo galegidade 2013, así como o nomeamento como membro do presidente do Padroado, D. Justo Beramendi.
- Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario: Medalla de Honra do ano 2013 como recoñecemento ao labor que realiza o MPG dende a súa fundación.
- O Centro Galego de Barcelona concedeulle ao Museo pola súa significación na defensa dos valores de Galicia e da súa cultura, a súa Medalla de Honra, da que se fará entrega o vindeiro día 18 de maio

Noutro nivel, pero que consideramos un importante fito polo que supón de recoñecemento ao Museo como símbolo de Galicia e da galegidade, debemos destacar o DEPÓSITO que o Centro Galego de Barcelona fixo, en sinxelos actos coa presenza de D. Manuel Carrete, presidente do Centro, de dúas distincións que acadou recentemente:

- Medalla de Ouro ao Mérito Cívico, concedida polo Concello de Barcelona
- Placa de Honor, no grao de Cruz de Ouro, da Agrupación de Fomento Europeo.

Nas relacións institucionais, cómpre dar conta da visita institucional do presidente da Xunta de Galicia, coa compañía do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o 12 de setembro de 2012, no que percorreu as nosas instalacións e mantivo un cambio de impresións cos membros do Padroado presentes, e manifestou a súa vontade de continuar a colaboración co Museo.

Cómpre tamén notificar as decisións adoptadas nas Asembleas do Padroado celebradas o 26 de maio e o 15 de decembro de 2012:

- Imposición da insignia de ouro do Museo do Pobo Galego ao patrón e director, D. Carlos García Martínez, como recoñecemento ao traballo realizado a prol do Museo.

- Incorporación ao Padroado de:
 - o D^a. María Virtudes Pardo Gómez.
 - o D. Manuel Vilar Álvarez,
 - o D. Olimpio Liste Regueiro
- Reedición do libro *Voa, xoaniña, voa*, que xa está distribuído polas librerías do país.
- No que atinxe á organización do Museo, a Xunta Reitora propuxo, a proposta da dirección do Museo, o nomeamento como secretario do Museo a favor de D. Manuel Vilar Álvarez, socio de recoñecida traxectoria, proposta que foi ratificada pola Asemblea do Padroado.
- Tamén se informou da situación de dificultade para manter axeitadamente a apertura ao público co persoal actual, o que é un acicate máis para acadar os recursos económicos necesarios para a estabilidade do Museo. Nesa liña debemos facer notar a acción económica a prol de conseguir unha estabilidade que nos garanta a posibilidade de dispor dos recursos propios para cubrir o 60% do orzamento ordinario de funcionamento do Museo.

Agradecer a boa disposición e colaboración do socios a prol das iniciativas para:

- a) Conseguir máis socios.
- b) Achegar iniciativas e propostas para conseguir patrocinadores e socios protectores.
- c) Darlle soporte na Rede ás actividades do Museo promocionando as exposicións e actividades a través de Facebook ou de Twitter.

En relación coa situación de incerteza producida pola falla de información exacta para a concreción dos orzamentos do Museo, a reserva de contar coas cifras exactas da achega da Xunta de Galicia, someteuse á valoración da Asemblea a seguinte proposta:

“Acórdase delegar na Xunta Reitora a elaboración do orzamento da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego para o ano 2013, en canto se coñeza a contía da achega á nosa institución recollida nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, así como a autorización expresa para proceder a recadar calquera outro ingreso e a facer aqueles gastos que sexan necesarios para manter o funcionamento da nosa institución, mentres non se proceda á aprobación dos orzamentos definitivos pola Asemblea do Padroado, xa sexa na ordinaria do mes de maio, ou nunha extraordinaria convocada para tal fin. Na Asemblea en que se discutan os orzamentos para o ano 2013, a Xunta Reitora deberá render contas dos gastos e ingresos realizados até ese momento”, que foi aprobada, e da que se dará cumprida rendición de contas na Asemblea do Padroado do vindeiro 25 de maio.

Diante destes feitos, o presidente do Padroado pediulle á Xunta Reitora que a procura de recursos sexa a súa prioridade absoluta, pois deste empeño depende a supervivencia do Museo. Que se reformule esta comisión e comece a funcionar como é debido de forma que no primeiro trimestre do 2013 poidamos incrementar o número de socios protectores e patrocinadores.

As dificultades económicas están tamén na raigaña da paralización da execución do Plan Museolóxico e do Proxecto básico de Remodelación das instalacións, que son outros dos eixos de acción da Reitora para o que pretendemos intensificar as xestións co Consorcio de Santiago e outros organismos, por máis que a situación xeral non favoreza o desenvolvemento de iniciativas que, imprescindibles, non semellan prioritarias para os que as deben apoiar.

A Fundación Antonio Fraguas complementa ao Museo e ten ademais un obxectivo que se marcou como propio, o desenvolvemento dos proxectos didácticos que levan o nome de Don Antonio Fraguas Fraguas. Os problemas económicos levaron a reducir ao mínimo a súa actividade, centrándose na posta en marcha dunha nova edición do proxecto didáctico.

Coa apoio da Subdirección Xeral de Política Lingüística, foi posible a convocatoria da oitava edición do PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS, 2012-2013, que se fallou o pasado quince de xuño. Na modalidade de Ensino Primario premiouse o proxecto “Fortes da Guerra de Restauración en Vila Nova da Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial”, do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián. Na modalidade de Ensino Secundario, premiouse o proxecto “Outear” do IES Poeta Añón de Outes.

A continuación o presidente da Xunta Reitora cede a palabra ao tesoureiro da mesma para que presente o informe da xestión económica do Museo, quen destaca que moitos dos proxectos e actividades están limitados polos problemas na achega de recursos.

Respecto das contas do exercicio 2012 expón que, con posterioridade á celebración da Asemblea de socios e socias do ano pasado, houbo unha redución nas achegas comprometidas pola Xunta de Galicia arredor dos 30.000 euros, que nos obrigou a facer unha redución de actividades e, sobre todo, a reaxustar o orzamento para poder afrontar os gastos ineludibles. Malia estes problemas puidemos pagar as nóminas e os outros gastos acorde coas nosas posibilidades e afrontando distintos reaxustes. Por desgraza, os gastos financeiros incrementáronse até arredor dos 10.000 euros, o que supón unha contía moi significativa que reduciu a partida para actividades. Destacou que, grazas a que a XR está a traballar coa premisa de ser moi prudente nas previsións para evitar sorpresas, no exercicio 2012 superamos as previsións iniciais nos ingresos, o que permitiu absorber parte do recorte na partida da Xunta. Como resultado o ano pasado o exercicio pechou cun déficit de tesourería duns 15.000 euros, que se trasladou ao 2013.

Respecto do orzamento para o exercicio 2013, cunha contía de 484.311,27 euros, presenta as seguintes partidas:

- Ingresos propios: 160.311,27 €, dos que as cotas do Padroado son 61.475,27, cunha baixa substancial dende o 2011 pola desaparición das fundacións das Caixas de Aforro galegas, que eran patróns institucionais e supuxo perder 15.000,00 euros. As cotas de socios e socias son 61.836,00, dos que 32.336 corresponden a socios de número, 2.000 a Concellos, e 26.500 de patrocinadores e socios protectores. Os ingresos por entradas previstos son de 35.000 euros, e outros 2.000 por servizos prestados e vendas.
- Subvención da Xunta de Galicia: 297.800,00 euros, 201.800 para gastos de funcionamento, e 96.000 para investimentos.
- Outras axudas finalistas: 10.200,00 euros do Convenio co Concello de Santiago, quen ademais corre con parte dos gastos de mantemento do edificio; e 16.000,00 doutros ingresos para actividades dos que arredor de 10.000 euros corresponden a axuda da Deputación Provincial de Lugo para o APOI.
- Gastos de funcionamento: 378.111,27 euros, dos que 316.788,92 corresponden a salarios e seguridade social do persoal, e 51.322,35 a outros gastos de administración e servizo (arrendamentos, reparacións, servizos profesionais e outros servizos). Noutros gastos inclúe 10.000 euros, dos que 9.000 corresponden a gastos financeiros, e 1.000 á Fundación Antonio Fraguas.
- Gastos de investimentos: 106.200,00 euros, dos que 10.000 son para compras de pezas e libros, 47.200 para investigación e desenvolvemento de actividades, e 49.000 para montaxe de salas e outros investimentos.

Fai constar que, asinada a achega por parte da Xunta de Galicia para o ano 2013, a XR aprobou os orzamentos por unha cantidade de 484.311,27 euros, cunha diminución do 10% sobre o orzamento do ano pasado real, e maior respecto do orzamento inicial. É relevante o feito de que o cobro de entrada, así como as xestións realizadas por socios, patróns e dirección do Museo na busca de patrocinadores, socios protectores e de novos socios e socias, resulta moi importante por seren fondos incondicionados, que nestes momento ascenderon a un terzo do orzamento do Museo. Pensa que é a liña de traballo que debemos seguir, pois deses 160.000 euros, 60.000 son cotas de socios, dos que a metade son de socios individuais, e a outra metade dos socios protectores e patrocinadores.

Pide que o esforzo dos asociados do MPG se dirixa a aumentar o número de socios individuais e institucionais. Agora temos algo máis de 1.000 asociados activos, e incrementar o seu número é importante, non só polos ingresos directos das cotas, senón tamén pola ampliación da base social do MPG. Ao tempo solicita a súa colaboración para que nos abran as portas de empresas nas que teñan contactos para poder explicarlles o proxecto do Museo aos seus responsables. De todas as xestións que se fixeron con estes contactos houbo un alto nivel de éxito, agás uns poucos casos nos que rexeitaron incorporarse a causa da súa situación económica. Polo contrario, o envío das cartas xenéricas ten pouca incidencia no resultado final.

Outra partida importante son as entradas á exposición permanente do MPG. Estamos ingresando arredor de 40.000 euros ao ano. Comezamos en abril de 2011 e nese ano o ingreso foi maior, no 2012 caeu arredor dun 18%, e cos datos até agora dispoñibles parece que no 2013 podemos manernos cunha caída inferior, arredor dun 4%. Pero é certo que necesitaríamos incrementar o número de visitas, e aí os socios tamén poden botar unha man, aconsellando a amigos e coñecidos que veñan e mesmo se os acompañan teñen dereito a entrada reducida.

Un dos problemas que ten a xestión do Museo é a irregularidade nos ingresos ao longo do tempo, en canto as cotas se concentran nun momento concreto e hai outros períodos sen ingresos. Agora estase a reformar a páxina web e poderá solicitarse facer o pago da cota anual en prazos mensuais, trimestrais, ou semestrais, o que agardamos permita aumentar os ingresos e desestacionalizalos no tempo.

O resultado é que nestes momentos temos unha situación que nos permite xestionar o día a día con algúns problemas á hora de facer pagos, pero é boa na medida en que sexamos quen de cumprir os nosos compromisos. Non temos débedas pero estamos baixo mínimos, co que calquera incidencia nos ingresos ou nos gastos pode afectar á nosa capacidade de afrontalos.

XR e Padroado puxeron en marcha unha Comisión Económica que está a traballar para conseguir dinamizar o Museo e, sobre todo, aumentar a achega de recursos para poder ter un horizonte máis despexado, co obxectivo de equilibrar ingresos propios con ingresos de subvención. Nesa comisión tratáronse distintos temas e algunhas actividades que precisan da colaboración dos socios e socias, polo que solicita especialmente da representación de socios e socias no Padroado que se incorporen para axudar a levar estas medidas adiante.

Rematada a presentación por parte do tesoureiro da XR, o presidente do Padroado abre unha quenda de intervencións por parte dos presentes na Asemblea.

O socio D. Xosé R. Lema Bendaña, di que por termos unha cota anual, socios que estamos dispostos a pagar ao MPG non podemos aumentar a nosa contribución, pero pensa que si poderíamos pagar máis de repartir o total en pagos mensuais. O tesoureiro da XR comenta que dentro da reforma da web, vai existir a posibilidade de facer estes pagos en varias cotas ao longo do ano (mensuais, trimestrais ou semestrais). De feito, xa se propuxo esta posibilidade no Padroado, e xa hai patróns que acordaron facer pagos mensuais. Agarda que esta posibilidade estea aberta en breve prazo directamente a través da nosa páxina dixital con menos problemas de xestión, evitando colapsar o traballo da persoa encargada de administración, pero mesmo agora pode ser factible, se ben non se comunicou aínda porque é mais sinxelo facelo cando a web estea reformada. Tan pronto se teña esta posibilidade, se comunicará aos nosos asociados.

D^a. Isabel Mosteiro Martínez, aínda que non pode dedicarlle todo o tempo que lle gustaría, manifesta o seu agarimo pola Institución, e di que se ben o MPG aparece na prensa galega, hai sitios fóra con moita emigración galega como Madrid e Barcelona, onde os emigrantes teñen moito cariño ás súas raíces e dalgunha maneira podería facerse unha carta aberta dirixida a eles sobre a situación do MPG, destacando que é a institución que nos representa e dando a coñecer á xente de orixe galega a posibilidade de formar parte do mesmo, como socios ou facendo achegas, o que permitirá que se sintan partícipes tamén malia estar fóra, e que agora descoñecen a nosa situación. A nivel máis institucionais poderían aparecer outro tipo de artigos máis significativos e non sabe como podería poñerse en marcha a nivel de Padroado, pero opina que tamén poderían enviar cartas privadas aos medios de comunicación os mesmos socios e socias, para dar a coñecer que o MPG é de todos, poñendo en releve a situación na que estamos pasando e chamando ao corazón dos galegos e galegas que están fóra para que colaboren. Pensa que habería xente disposta, malia recoñecer que estamos en tempos complicados para todos.

O presidente do Padroado considera que súa proposta é interesante e que a XR a tomará en consideración.

D^a. Montserrat Serodio Alonso, propón aproveitar a renovación da páxina web para mostrar o Museo en positivo, a actividade que desenvolvemos e mostralo como unha institución viva.

O presidente da XR, considera que nesta liña resulta interesante que a nivel individual os socios e socias que teñan conta colaboren retuiteando e poñendo no facebook as nosas propostas, o que permite difundilas na rede para mellorar o coñecemento pola xente.

A subdirectora do MPG fai constar a presenza do Museo con conta propia en facebook e twitter, e solicita que os socios e socias que participen nas mesmas se inclúan nos seguidores das contas do MPG, e que ademais axuden á difusión dos contidos e actividades remitidas entre os seus contactos para aumentar o seu impacto.

D. David Conde Lourido, estima que o problema dos medios de comunicación é que se implican moi pouco na cultura e na súa difusión, e pensa que sería interesante tanto unha campaña na prensa como nos centros galegos fóra da nosa comunidade.

D. Miguel Vázquez Freire, di que ten os cartos en Novagalicia Banco e acaba de coñecer que retiraron a achega ao MPG, polo que vai protestar por esta retirada da axuda. O presidente do Padroado responde que se retiraron tanto como patróns do MPG como da Fundación Antonio Fraguas. Destaca que ao longo da historia do MPG fixeron moitas achegas significativas, pero alegraron que as fundacións quedaran sen ingresos, dando moitas explicacións, pero o feito é que xa levamos dous anos así.

D^a. Rosa Martínez Ferreiro, propón que se faga un Banco de Tempo de socios e socias para atender ás necesidades do Museo, tendo un listado de quen poidan botar unha man cando sexa preciso, organizando un voluntariado do tempo. O secretario do MPG fai saber que están dándose os pasos para facelo, para o que cómpre atender unha serie de requisitos derivados da normativa galega de entidades de acción voluntaria. Tan pronto se implante será comunicada esta iniciativa aos socios e socias para que participen na mesma.

A D. Iago Isasi Freire chámalle a atención o que se recolle de concellos, e pensa que poderíamos empezar por aí a buscar algo. O tesoureiro da XR responde se chegou a ter 70 concellos socios, pero nestes momentos só incluímos no orzamento as cotas dos que sabemos que van ingresala. Temos máis concellos socios pero non pagan, pois existe o problema do cambio de responsables políticos cada catro anos, co que nos momentos en que lles pedimos o pago da cota, algúns din que non son socios. Salvo catro ou cinco concellos que o teñen moi asumido polos Servizos Técnicos de Cultura e que llo din aos novos gobernos, nos demais cando hai un cambio perdemos o contacto e prodúcese a falta de pagamento. Neste aspecto non podemos dedicarlle o tempo necesario pola présa. Outro caso é o de socios e socias que non pagan por ter cambiado de conta, ou outros imponderables que fan que non se pague a cota, en casos só por descoñecemento, o que si podemos é facilitar aos socios que estean dispostos información para tentar recuperar estes recursos, o que non só suporá ingresos senón tamén máis apoio e vinculación coas persoas. No caso dos concellos, tamén sería bo que aqueles dos asociados que teñan contacto cos responsables dos Concellos, nolo comuniquen co fin de falar con eles.

D. Carlos Beiró Piñeiro, pregunta se a parte da Fundación Barrié hai algunha outra entidade bancaria que colabore co MPG. O tesoureiro responde que non hai ningunha que forme parte do Padroado nin sexa patrocinadora ou socia protectora, se ben houbo un apoio de Caixa Rural, puntual e pequeno, para o pasado Foro Natalidade e Vellez en Galicia.

4. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

O director do Museo, D. Carlos García Martínez, polo retraso que leva a Asemblea, procede a facer un resumo do informe na súa presentación, que se inclúe como ANEXO 1 e que será posto na páxina dixital do MPG a disposición de quen estea interesado.

5. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

O representante, D. Eduardo Otero Iglesias, informa das actividades realizadas pola Oficina de Socias e Socios ao longo do presente ano:

- O número 7 de *ADRA*, Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, de grande interese, serve ademais para intercambios e para achegar ao Museo a xente que está interesada en colaborar na mesma. Foi publicado no ano 2012, xa que en 2011 non se puidera facer por non dispoñer de recursos. Fíxose un chamamento aos socios e socias e houbo achegas para poder pagar a edición, aos que agradece a súa colaboración, así como a achega do Grupo Marcelo Macías de Ourense, agardando sacar o próximo número ao longo deste ano. Reitera a posibilidade de que socios e socias colaboren co fin de achegar recursos ou contactos en empresas que poidan botar unha man para sacar adiante o vindeiro número da revista. Agarda así mesmo facer o acto de presentación formal do número 7, para o que están facendo contactos con entidades do sur de Pontevedra.
- Un grupo de socios e socias participaron nunha excursión á Costa da Morte onde visitaron os mosteiros románicos de San Martiño de Ozón e San Xiao de Moraime. Destaca que nestas saídas participa xente que non forma parte do MPG, pero que despois se incorpora en moitos casos como socios e socias.
- A continuación desta Asemblea vai inaugurarse a VII edición da exposición *Entre amigos. Fotografía e debuxos etnográficos das socias e socios do MPG*. Nesta ocasión preséntanse 15 temas con máis dun cento de fotos, pero seguro que hai máis socios que poderán colaborar en futuras edicións.

Por último manifesta a súa confianza en que os novos representantes de socios e socias se incorporen con azos para poder axudar no desenvolvemento do noso Museo.

Aberta unha quenda de intervencións polo presidente do Padroado, D^a. Isabel Mosteiro Martínez, pregunta se a revista *ADRA* é enviada aos asociados, xa que ela non a recibiu. D. Manuel Vilar Álvarez, respóndelle que a revista non se envía por correo, senón que está colgada na páxina dixital do MPG a disposición de socios e socias.

6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non se formulan.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo 13:30 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

- 923 ALVAREZ-UDE DE LA TORRE, XAIME
- 922 AMIGO SEISDEDOS, M^a RITA
- 931 BARCIA BALIÑAS, DANIEL
- 903 CONCELLO DE VERIN
- 898 COSTA BUJAN, PABLO
- 925 GARCIA-RODEJA GAYOSO, M. DEL PILAR
- 916 INST.B. "EDUARDO PONDAL"
- 921 JUEGA PUIG, SANTIAGO
- 927 LANDEIRA GARCIA, AGOSTIÑO
- 912 LESTON GONZALEZ, RAMON
- 905 MEIJIDE GONZALEZ, MANUEL
- 909 MOSTEIRO MARTINEZ, M^a ISABEL

915 PEREZ BROCOS, MANUEL
897 PILLADO MAYOR, FRANCISCO
932 QUIROGA BARRO, GABRIEL
894 REY BARREIRO, JUAN CARLOS
901 REY SEARA, EUSEBIO
936 SANCHEZ SALVADO, AGUSTIN
929 VAZQUEZ ANQUEIRA, JULIO
934 VILARIÑO VARELA, X.BRAULIO
918 VILLAVERDE LOPEZ, M. LUZ

Vº e prace, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO MAIO 2012 – ABRIL 2013

1. OBRAS E INSTALACIÓNS

Como resultado da campaña 30x1000 de captación de fondos, instaláronse no vestíbulo lonas coa relación de patróns, socios patrocinadores e socios protectores.

Reparación de carpintería en varias zonas do Museo.

2. CONSERVACIÓN

Total rexistros: 11.610

Ingresos (maio 2012 – abril 2013): 210

Doazóns: 131

Depósitos: 79

DOAZÓNS

ANTÍA CAL VÁZQUEZ: Conxunto de 57 pezas procedentes do “Mesón dos Vázquez” de Muras, a casa dos seus avós maternos. Hai obxectos de uso doméstico, utensilios do liño (a avoa era tecedeira) e destaca o traxe de ir a misa da súa avoa composto de dengue, mantelo e *mantillón* de gran tamaño, que poderíamos datar entre 1880-1890.

FAMILIA VILARIÑO PINTOS: Traxe de gala que pertenceran a D. José Vilariño de Andrés Moreno. O conxunto está formado por chaqueta de frac, camisa, chaleco, pantalón, botíns e gravata de lazo; inclúe ademais tres sombreiros: dúas chisteras e un bombín.

LINO LEMA BOUZAS: Utensilios para barbear que pertenceran a José Costas e unha colección de lapis da fábrica La Hispania de Ferrol

AURELIO RIVAS VARELA: Dúas reproducións en bronce, de pequeno tamaño, de esculturas da Virxe do Carne feitas polo seu pai, José Rivas, para diferentes parroquias galegas.

DEPÓSITOS

OLGA MATALOBOS RIVEIRA: Taller completo dunha tecedeira do lugar de Paramá (Santo André de Veá) composto por tear, urdidoira, caneleiro e o resto de utensilios deste oficios; reúne ademais unha importante cantidade de materia prima: marañas de liño estopa, canelas con fío, nobelos de estopa, tascos e farrapos, etc. Cabe salientar varios sacos con nobelos que aínda conservan as etiquetas das casas ás que pertencían, o que nos fala do xeito de traballar das tecedeiras: sempre por encargo e coa materia prima facilitada pola clientela.

MANUELA MATO LOUREIRO: Dous traxes que pertenceran a Manuela Puente, natural de Barazás, Santa Cristina de Veá e que casou circa 1890 en Baloira, de onde proceden as pezas. Ambos traxes xa pasaron a formar parte da sala do traxe.

CENTRO GALEGO DE BARCELONA: Doazón de dous galardóns recibidos por este centro, a Medalla de ouro ao Mérito Cívico, do Concello de Barcelona, e Placa de Honor AEFÉ no grao de Cruz Europea de Ouro, concedida pola Agrupación Española de Fomento Europeo.

MUSEO DE PONTEVEDRA: Un conxunto de pezas, ferramentas de muiñeiro e maquetas relacionadas co muiño e o cultivo do millo.

Relación de doadores (maio 2012 – maio 2013):

Antía CAL VÁZQUEZ
Antonio CARNEIRO PIÑEIRO
CENTRO GALEGO DE BARCELONA
Mercedes DÍAZ RODRÍGUEZ
Guillermo ESCRIGAS RODRÍGUEZ
Ramón FOLGAR POMAR
Antonio GALÁN FUENTES
Josefa GALLARDO FREIRE
M^a Dolores GARCÍA RODRÍGUEZ

Clodio GONZÁLEZ PÉREZ
Lino LEMA BOUZAS
Antón LÓPEZ GIL
Olga MATALOBOS RIVEIRA
Manuela MATO LOUREIRO
MUSEO DE PONTEVEDRA
Samuel ORTIZ LOIS
Teresa REY BARREIRO-MEIRO
Xosé Manuel RIBEIRA GARCÍA

PRÉSTAMOS EXPOSICIÓNS

Gallaecia pétrea, organizada pola Fundación Cidade da Cultura: Estatuas antropomorfas de Logrosa e micro-machado da Cova da Moura (Argalo).

Unidos pola arte. Colección de pintura do Consorcio e do Concello de Santiago de Compostela, organizada polo Auditorio de Galicia: varias obras pictóricas do fondo do Museo Municipal, de diversos autores como Garabal Louzao, Concha Vázquez, Quintana Martelo e Asorey.

Prestige 2002 - 2012, dez anos de loita por un mar de vida, organizada pola Confraría de Pescadores de Lira, Carnota: unha serea de cartón pedra, símbolo das mobilizacións cidadás polo desastre do Prestige.

Exposición de Artes Gráficas, organizada polo Centro de Iniciativas turísticas da Estrada: un rodillo de imprenta.

A Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e a Exposición Agrícola, Industrial e Artística de Galicia de 1858, organizada polo Consorcio de Santiago: un variado conxunto de pezas, similares ás que se exhibirían na mostra de 1858 (gran de millo miúdo, ladrillos, novelos de liño, libra de chocolate, mostras de encaixe, etc...)

CONSULTAS E REPRODUCCION DE FONDOS

Total consultas: 47

Tipo de solicitantes:

| | |
|------------------------------|----|
| Entidades | 16 |
| Particulares | 25 |
| Empresas de xestión cultural | 4 |

Institucións e Asociacións que consultaron

Museo de Pontevedra
Real Academia Galega
Brincadeira. Grupo de música e bailes tradicionais
ADEGA. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia
Fundación de Estudos Románicos Sta. M^a la Real de Aguilar de Campoo
Fundación Cidade da Cultura
Museo Terra de Melide

INFORMES PARA A XUNTA DE GALICIA

A instancias do Servizo de Museos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emitiuse un informe favorable ao recoñecemento como colección visitable do Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMo). Xa en 2001 o MPG redactara un informe favorable a este recoñecemento pois se estimaba que cumpría os requisitos que marca a Lei do patrimonio cultural de Galicia. A nova visita ao centro veu confirmar o carácter de colección visitable, pois introducíronse melloras substanciais, tanto no edificio como na exposición e conservación da colección.

COLABORADORES

Alexa García Pose
Montse Liñares Bello
Antón López Gil
Samuel Ortiz Lois, alumno en prácticas do Consello Social da USC
Manuel Rodríguez Calviño

3. BIBLIOTECA

INGRESOS

Durante este período foi o arquivo o principal receptor de fondos co ingreso de documentos soltos ou coleccións documentais:

- **Enrique Sáez Ponte** xuntou nova documentación sobre o PSG que se adxunta e completa a doazón anterior. (xuño, 2012)

- **Lino Lema Bouzas** achega unha interesante colección documental relacionada co sindicato agrario galego SAGA. (xuño, 2012)
- Alberte Brenlla González, en representación do **Club Nacionalista Alén Nos (CNAN)** entrega diverso material: documentos fundacionais, de xestión, manuscritos e impresos, fotografías, cintas sonoras e obxectos, pertencentes ao CNAN (25 u.i) (xullo, 2013)
- **Avelina Lojo Lestón** entrega ao Museo unha carpeta de documentación familiar relacionada coa industria da salga, o ensino, etc., procedente de Porto do Son, (1780-1930) (setembro, 2012)
- **Rosa García-Orellán**, completa a entrega anterior con material, principalmente sonoro (81 casetes) referente as súas investigacións sobre as mulleres vascas de orixe galega. (novembro, 2012)
- A **Fundación Galicia Sempre** deposita publicacións e documentos relacionados coa institución. (febreiro 2013)
- **Fernando Acuña Castroviejo** e **Clodio González Pérez** veñen facendo importantes entregas, que se suman ás apartacións bibliográficas e documentais realizadas anteriormente.

Nas achegas á Biblioteca, compre sinalar que se ben decreceron as institucionais incrementáronse as doazóns de particulares, socios ou non do Museo:

- **Familia Fariña Busto**, entrega a colección case completa da revista *Blanco y Negro*, importante polas numerosas reportaxes gráficas sobre Galicia (xuño 2012)
- **Marina Toba**, entrega para a Biblioteca do Museo unha serie de libros e catálogos principalmente de arte contemporánea (xullo 2012).
- Os propietarios Ámboa doaron un importante lote de libros (febreiro, 2013)

MONOGRAFIAS

| | |
|----------------------------------|---------------|
| Doazóns e Depósitos | 447 |
| Adquisicións | 9 |
| Produción propia | 2 |
| Intercambios | 106 |
| Total maio-abril | 564 |
| Total rex. bibliográficos | 56.932 |
| Total volumes | 66.930 |

PUBLICACIONES PERIÓDICAS

Unha parte importante das apartacións bibliográficas son publicacións periódicas, exemplares soltos que completan as xa existentes ou incorporación de novos títulos pero pertencentes ao fondo histórico. Algunhas das revistas coas que mantiñamos intercambio pasaron a revistas electrónicas, polo que a efectos de contabilidade da colección pasan a revistas canceladas.

| | |
|---------------------|--------|
| Total de revistas | 1 941 |
| Revistas en curso | 190 |
| Total de exemplares | 45.408 |

PROCESO TÉCNICO E RECURSOS HUMANOS

- María Virtudes Gómez Pardo, continúa coa catalogación e informatización da Biblioteca Baltar, pasando xa dos 4500 rexistros bibliográficos, está xa rematado o fondo do “salón verde”. (8 horas semanais)
- Desde o mes de setembro contamos, de novo, coa colaboración de Xosé Manuel González Monje nas tarefas de: creación de bases de datos, xestión de arquivo e biblioteca. (5 horas semanais).
- O 9 de outubro de 2012, Laura M^a Freire Fábregas, titulada en piano comezou a colaborar na catalogación do fondo musical (partituras). Nestes momentos rematou xa a catalogación da colección de Rosita López Comunión. (10 horas/ semanais)
- No mes de novembro, María Tilve Costas, mestra xubilada e socia do Museo, comezou clasificando e organizando a colección de materiais referentes ao Ensino.

- Durante o mes de febreiro realizáronse prácticas na Biblioteca Carlos Lixó e Ánxela Vázquez, o seu traballo consistiu en clasificar e ordenar o arquivo político de Manuel Pérez Rúa, afiliado a UPG. Baixo a dirección de Justo Beramendi.
- Desde febreiro deste ano contamos tamén coa colaboración de Ana ... que ven 4 horas semanais e nos axuda a manter o día a colección do Museo (monografías e revistas), estando xa rexistrado e informatizado o fondo doado polo profesor Vázquez Varela...

SERVIZOS E ACTIVIDADES

Consultas:

A Biblioteca recibiu desde o mes de xuño 404 usuarios en sala que xunto ás consultas telefónicas ou por correo electrónico fan un total de 215 usuarios atendidos, cun total de 1.790 volumes (libros e revistas) consultados. No arquivo foron os documentos de Rodríguez Fraiz e Blanco Cicerón os máis consultados.

Procedencia dos usuarios:

- Consorcio da Cidade de Santiago
- Universidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Oviedo, Madrid (Complutense e Rey Juan Carlos) CESUGA (A Coruña)
- Produtora *Faro*
- TRIVIUM ECT- Museo do xoguete en Ponteceso (publicacións e ilustracións referentes ao mundo do lecer)
- Escola de Música. Santiago (monografías, revistas e partituras dos fondos do MPG)
- Universidade de Santiago (CCEE e Turismo), traballo sobre festas e romarías galegas.
- Traballo de tese sobre a arqueoloxía no XIX en Galicia, foi consultado o arquivo Blanco Cicerón, Coruña (ESTA)
- Traballo de tese sobre os sistemas de rega e reparto da auga na zona SW de Galicia. *Instituto da Lingua Galega* (ILGA)

Préstamo e reprodución de fondos:

- Selección de material bibliográfico par a exposición sobre artes gráficas realizada pola Asociación Cultural "Rocha Vella"
- Ana Acuña (profesora de literatura na universidade de Vigo) para o seu libro *Conciencia política e literatura galega en Madrid*, publicado por Edición Xerais (no prelo) Folleto de Outeiro.
- Préstamo ao MARCO de Vigo do Mapa de *Descripción del Reyno de Galizia* de Hernando Ojea, (col. CGP) para a exposición "A Balea negra" comisariada por Pedro de Llano
- IES Antonio Fraguas. Libros para exposición sobre JOYCE

OUTROS

A empresa Xesdoc rematou a catalogación de fondos das bibliotecas de X. Lorenzo, X. Taboada e A. Fraguas, xa integradas na Catalogo do Patrimonio Bibliográfico Español e en Galiciana.

RECURSOS HUMANOS, COLABORACIONES E FORMACIÓN

- Asistencia ás 5ª Jornadas archivando, celebradas en novembro na Fundación Sierra Pambley de León e que este ano tiveron como tema os arquivos privados.

INTERCAMBIOS E DOAZÓNS INSTITUCIONAIS

| | |
|---|-----------------------------------|
| Ámboa | Centro de Estudos Extremeños |
| Artziniega Museoa | Centro Etnogr. Da Terra de Montes |
| Asoc. Amigos do Museo de Viladonga | Centro Galego de Barcelona |
| Asoc. de Escrit. en Lingua Galega | Colexio Manuel Peleteiro |
| Asociación de Escritores en lingua galega | Concello de Boiro |
| Cabildo insular de la Palma | Concello de Pontevedra |
| Casa da Xuventude de Ourense | Concello de Santiago |
| CEIP "López Ferreiro" Stgo. | Concello de Xove |
| Centro de Cult. Pop. X. Lorenzo | Consello da Cultura Galega |

Consortio da Cidade de Santiago
Dep. Foral de Guipúscoa
Dep. Provincial da Coruña
Dep. Provincial de Lugo
Dep. Provincial de Ourense
Dep. Provincial de Pontevedra
Ecomuseu do Seixal
Eixo Atlántico
Enxebre orde da Vieira (Madrid)
Fesga
Fundación Bautista Álvarez
Fundación Feiraco
Fundación Pedro Barrié de La Maza
Gobierno de Navarra. Publicaciones
Grupo Filatélico de Noia
IES Antonio Fraguas (Santiago)
Inst. De Cultura Juan Gil Albert
Inst. de las Identidades. Salamanca
Inst. Estudios galegos P. Sarmiento

Librería Couceiro
Librería Follas Novas
Musée Int. Carnaval et du Masque
Museo Arq. Prov. de Ourense
Museo Arqueológico de Alicante
Museo de BB AA da Coruña
Museo de Betanzos
Museo de Cuenca
Museo Etnográfico de Castilla y León
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo Provincial de Lugo
Museu de Olaria de Barcelos
Museu de Penafiel
Museu Valenciá de Etnologia
Real Academia Galega
Real Inst. Estudios Asturianos
SCRD "Fillos de Ois"
Seminario Diocesano (Lugo)
Universidade da Coruña

DOAZÓNS PARTICULARES

Acuña Castroviejo, F.
Arauxo, Emilio*
Beira, Eduardo*
Beramendi, J.*
Braña, Fátima
Brisset Martín, X.
Calvo Salgado, L.M.*
Eduardo Beiras- libro das fontes
Einarsos, Niels*
Estévez Fernández, X.
Fandiño, X. R.
Fernández Cerviño, M^aX.
García Orellán, Rosa*
González Reboredo*
González Pérez, Clodio*
Le Gall, C.*
Lema Bouzas, L

Lestón González, V.
Lodeiro, Estefanía
Méndez García, R.
Neira Pereira, Henrique*
Niñe Fernández, A.*
Ortiz, Samuel*
Pico Orjais, J.L.*
Sánchez Meitín, L.*
Sanjiao, Fuco
Sierra Rodríguez, X.C*
Silva, José
Takekazu Asaka
Toba, Marina
Vallejo Pousada, R.
Vilar, Manuel
Villanueva, C.
Xiráldez González, M.

4. EXPOSICIÓNS

Para ir a unha espadela...

24 maio-17 xuño

Dende hai uns anos o Departamento de Conservación do Museo vén realizando un traballo de campo no Val de Veá co obxectivo de documentar os curiosos utensilios para o espadelado do liño que se empregaron nesta zona do concello da Estrada. O traballo xurdiu a raíz dun proxecto do MPG para recuperar e documentar o proceso de transformación do liño realizado en colaboración coa Asociación de Mulleres Rurais de Santo André de Veá. O obxectivo da exposición, a cargo de Belén Sáenz-Chas e Manuel Rodríguez Calviño, é o de dar a coñecer este especial instrumental do liño, demostrando que, aínda que se trata dun fenómeno moi localizado xeograficamente, estaba xeneralizado no val, constituíndo un dos exemplos máis fermosos da nosa arte popular.

A colección étnica de Eugenio Granell

21 xuño-2 setembro. Organiza: Fundación Eugenio Granell

A Fundación Eugenio Granell celebrou en 2012 o centenario do nacemento de Eugenio F. Granell. Cando en 1995 se constitúe a Fundación Eugenio Granell o Museo do Pobo Galego acolleu as coleccións por vez primeira. Esta exposición, comisariada por Natalia Fernández Segarra, recolle

as obras máis representativas da colección étnica de Granell, quen, coma moitos dos seus compañeiros surrealistas, compartía coas culturas étnicas unha percepción similar do obxecto.

Suite Galicienne. Fotografías de Claude Le Gall

12 setembro-28 outubro

Claude Le Gall é un fotógrafo bretón, premio Ilford Noir et Blanc en 1988, que dende a década dos setenta investiga a través das súas imaxes as distintas querenzas conectivas entre Irlanda, Escocia, Galicia e o seu país de orixe, Bretaña. A selección fotográfica, anteriormente exposta en Francia e Irlanda, recalca especificamente en escenas e escenarios galegos, retratados cunha mirada reflexiva, non exenta da obxectividade necesaria como para fixar a súa atención nos cambios sociais e económicos que, de xeito especial no ámbito do rural, se produciron en Galicia dende finais dos anos oitenta ata hoxe.

Domingos de Andrade. Excelencia do barroco

15 novembro-xaneiro 2013

O 12 de novembro de 1712 falecía en Santiago de Compostela Domingos Antonio de Andrade, o arquitecto ceense que levou o barroco galego ás máis altas cotas de excelencia. No terceiro centenario do seu pasamento, o MPG non podía deixar pasar a oportunidade de conmemorar esta figura universal cunha exposición e unha publicación.

No convento dominico de San Domingos de Bonaval, na fachada da portería proxecta un ángulo de algo menos de 90° graos coa portada da igrexa, na procura dunha perspectiva favorable para enfatizar o efecto monumental do conxunto, situado nunha cota dominante. Cando Andrade asume o encargo o claustro xa tiña construído un lenzo, e remata a obra desenvolvendo os tres corpos restantes e decorando o conxunto coas características sartas de froitas que se distribúen nas pilastras da planta baixa, aparentemente repetidas pero todas elas con sutís diferenzas entre si. Por último no ángulo noroeste do edificio conventual o arquitecto coroa o seu traballo coa construción da tripla escaleira de caracol que, ao longo das xeracións, vén sendo considerada como unha das pezas máis singulares do patrimonio arquitectónico da cidade.

Cando se promulga a lei de Mendizábal o convento pasa a mans do Concello. En decembro de 1912 declárase a igrexa de Bonaval como monumento nacional. En 1976, o Padroado do Museo do Pobo Galego, recién constituído, solicita a cesión do edificio. A Corporación municipal aproba a cesión en febreiro de 1977. O Padroado aborda entón as obras de restauración e rehabilitación, garantindo que a nova función asignada ao monumento reverta á comunidade a través de usos socioculturais.

IX Bienal de Pintura do Eixo Atlántico

19-30 novembro

Mostra itinerante que recolle as obras seleccionadas no certame bienal de pintura organizada polo Eixo Atlántico do Noroeste peninsular.

Fototraballo 07_09_11

6 febreiro-31 marzo. Organiza: Fundación Nortempo

Baixo a supervisión do prestixioso fotógrafo Vari Caramés, esta mostra retrospectiva, organizado pola Fundación Nortempo e patrocinado polo grupo de empresas Nortempo, está composta por máis de 60 imaxes dos gañadores e finalistas das tres últimas edicións: Carlos Orduna, Carlos de Andrés, Cristina de Middel, Susana Girón, Amador Lorenzo e Bandia Ribeira.

Galicia nos mapas antigos. Cartografía da colección Clodio González Pérez

23 abril-26 maio

Nesta exposición mostramos os mapas que de Galicia, como unidade diferenciada, pertencentes á colección de Clodio González Pérez, mestre, etnógrafo e patrón do Museo do Pobo Galego. A exposición pretende facer un repaso pola historia da cartografía para ver como se vai representando Galicia e a evolución desta representación ata os comezos da cartografía oficial.

Abre a mostra o mapa de Fernando Ojea, Descripción del Reyno de Galizia, que aparece publicado no *Theatrum Orbis Terrarum* de Abraham Ortelius a partir da edición de 1603. É o primeiro no que aparece Galicia como espazo particular de representación, fixando unha imaxe da mesma. Deste mapa expóñense varias edicións nas que se vai retocando o perfil da liña de costa, corríxese o percorrido do río Miño ou queda trazado o límite oriental de Galicia no río Navia.

O percorrido continúa coa cartografía do italiano Giacomo Cantelli da Vignola ou de Tomás López, entre outros, para rematar cos inicios da cartografía oficial e pasando polos mapas que representan

as vías de comunicación, desde os vellos camiños reais ata proxectos non realizados de vías férreas, ou mapas de estradas, algúns utilizados tamén como soportes de propaganda turística.

A mostra **Señoras e señores**, de fotografías de Ricardo Alcalde, producida polo Museo do Pobo Galego en 2006 exhibiuse entre o 20 de novembro e o 2 de decembro na igrexa da Madalena de Ribadavia, no marco do Outono Fotográfico.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

Para conmemorar o 150º aniversario da primeira edición da obra de Rosalía de Castro **Cantares Gallegos** (Vigo: Compañel, 1863), a Biblioteca do MPG organizou unha mostra dedicada a este libro, que exhibe un exemplar da obra orixinal. Coa colaboración do convento de San Francisco de Santiago e mais do Instituto de Estudos Gallegos P. Sarmiento.

Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño. Mostra da obra teatral e obxectos persoais.

5. PUBLICACIÓNS

Domingos de Andrade. Excelencia do barroco. Libro que acompaña a exposición do mesmo título. Reúne textos de Ofelia Rey, Alfredo Vigo, Miguel Taín, Manuel Vilar e Alberto Sanjurjo.

Reedición de **Voa, xoaniña, voa.** Esta obrinha, publicada en 1993, recolle un puñado de ditos, recitados e xogos infantís, ilustrados por José Luis Rivera, "Pitón".

Antonio Rodríguez Fraiz, abade de Campañó. Dando cabo o ano viu a luz a biografía do patrón don Antonio Rodríguez Fraiz, preparada polo director do Museo, Carlos García Martínez, e ilustrada con debuxos de Agustín Portela Paz, que tamén fora membro do Padroado. Esta obra, editada en colaboración coa Fundación do Pedrón de Ouro, conmemora o centenario do nacemento do señor abade de Campañó, que se celebrou o 30 de novembro de 2012.

6. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

1. Actividades ao abeiro do convenio coa Concellería de Cultura de Santiago de Compostela.

Día Internacional dos Museos 2012, en colaboración co CGAC, a Fundación Granell e o Museo das Peregrinacións, organizouse un circuío de concertos desde ás 20h00 ás 00h00 do mesmo 18. O 17 e o 18 fixéronse visitas guiadas gratuítas á exposición permanente e ao "Traxe de Muros".

Contos e Historias de Orixe popular. Cos contadores Anxo Moure especializado en público infantil e María da Pontragha para persoas adultas. 24 e 26 de maio

VII Mostra de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Do 12 ao 19 de xuño. A sección Carlos Velo, coas cintas escollidas desde o museo, contou coa colaboración dun "comité de selección" formado por Manolo González, Antonio Caeiro, Sabela Pillado e os membros do Cineclub Compostela, Pablo Cayuela, Iván García e Xan Gómez. Como ven sendo habitual, proyectáronse os documentais premiados en Espiello e unha mostra da obra do documentalista francés Jean Rouch para o que se colaborou coa Alianza Francesa e a Embaixada Francesa. Contamos tamén coa presenza dos realizadores Xurxo Chirro, Joam Avelado e Vanesa Vilaverde e a produtora Comba Campoy, que faloron sobre os seus documentais co público

Café da Memoria: Gaiteiros. 28 de xuño Os músicos que, nesta ocasión, prestaron a súa voz e a súa arte para esta xeira foron Francisco Ferreira Vázquez, Celso Ferreira Fernández, Recaredo Pena Vázquez Gaiteiro, caixa e bombo respectivamente e procedentes de Vilar, Calvos de Randín. Manolo Solla, gaiteiro (Vigo), Florentino Ruibal "Flor da Maquía", gaiteiro (Ordes) e Julio Vázquez Carril, gaiteiro (Maroxo, Arzúa).

Narrativas do Parque: programa de Colaboración co CGAC centrado na revisión nos diferentes usos do Parque ao longo da súa historia, con Celso Fernández Sanmartín e a artista María Meijide, do 9 ao 31 xullo.

O remuíño que se fixo escaleira: xoves 12 de xullo, actividade de verán dirixida polo persoal do DEAC, onde a través da procura de pistas, os e as participantes construíron un camiño alternativo para coñecer os contidos do Museo. Para persoas de 6 anos en diante.

Enredos musicais: venres 20 de xullo. O músico e luthier Oli Xiráldez traballou a construción de instrumentos musicais con materiais tan sinxelos como as canas, as noces ou o fío de pescar. Actividade para persoas a partir dos seis anos.

Dinamización da exposición *A colección étnica de Eugenio Granell*: Dirixido por Xandobela, (dinamización e xestión cultural) o 1 de setembro realizáronse unha serie de actividades familiares para achegarse aos contidos da mostra.

As Pombas de Carboeiro: espectáculo da compañía FantocheBaj que se estreou o 7 de setembro no Auditorio do Museo. Baseado en romances tradicionais, ambientado no mosteiro de Carboeiro e a través da música e a técnica xaponesa do Kamisibai.

Olladas sobre o Museo. O clown: 26 de outubro. Nesta sexta edición as persoas ás que se lles encargou unha mirada sobre o MPG, foron Fran Rei e Isabel Risco. Ambos os dous cómicos, realizaron un espectáculo de 80 minutos de duración no que se percorreron distintas salas do Museo até rematar no Auditorio.

Contos comprendidos en familia. Actividade realizada durante o Nadal con Celso Fernández Sanmartín e para público familiar na que a partir das experiencias persoais traballáronse aspectos como a lingua, a narración e o patrimonio oral.

Máscaras tradicionais galegas. Un exemplo de recuperación: charla no día 7 de febreiro do artista e deseñador Pancho Lapeña sobre a recuperación do "merdeiro" de Vigo, proceso no que estivo moi implicado e sobre a súa relación con outras mascaradas europeas.

Imaxes do traballo feminino: 1900-1960. Unha pequena selección de 18 fotografías procedentes dos fondos do Arquivo gráfico do Museo co que o DEAC colaborou para celebrar o Día da Muller, o 8 de marzo. Esta selección proxectouse durante esa semana no Andar do Claustro e colgouse no Facebook do Museo onde foi compartida por moitas persoas.

A voltas co baile: o 27 de abril de 2013 celebrouse unha nova edición de *A voltas co baile*, unha xornada formativa ao redor do noso baile tradicional e as súas conexións coas danzas e bailes do resto de Europa e do mundo. Nesta edición, a cargo do docente e investigador Manuel Cobas, tratouse a adaptación de bailes como o Valse, a Rumba ou o Pasodobre, á tradición galega.

2. Aproveitamento didáctico dos contidos do Museo e da exposición temporal *Andrade. Excelencia do Barroco*.

A programación escolar **2012-2013** funcionando desde o mes de outubro, continuou coas visitas dirixidas e as actividades para os máis pequenos de *Xogos Bailados*, *O remuíño das pistas* e a nova *Ferramentas en mimo!* unha especie de xogo das películas pero cos oficios.

A partir do *Remuíño das pistas* e cun deseño pensado en visitantes con crianzas, realizouse unha guía que, desde Nadal, pódese recoller xunto coa entrada para realizar a visita de xeito autónomo, didáctico e divertido. Non supón custe adicional e está dispoñible en galego, castelán e inglés.

O aproveitamento de *Andrade. Excelencia do Barroco* realizouse a través do **itinerario *Excelencia do barroco***, unha visita á mostra que incluía a Igrexa e coro de Bonaval, o claustro e a escaleira helicoidal; O obradoiro ***Enredo barroco***, baseado nunha danza tradicional, a danza de fitas, que nos foi útil para traballar os conceptos do movemento e da escenografía no Barroco con escolares de 2º ciclo de Infantil e 1º e 2º de primaria; a actividade de tipo familiar ***A ciencia nos***

tempos de Andrade: de carácter experimental traballou sobre os adiantos científicos que se desenvolveron no século XVII e que tamén influíron na visión do mundo durante o Barroco. Dirixido por Xosé Valtierra.

A colaboración con diversas entidades e as redes sociais están a funcionar como excelente medio para a difusión das actividades e para a comunicación e intercambio de ideas cos e coas usuarias.

A suma de todas as actividades desenvolvidas desde o DEAC, supón unha cifra de máis de 10.000 visitantes atendidos directamente e só polo programa de aproveitamento didáctico. A isto hai que sumarlle os que participan dalgunha das iniciativas de acción cultural para público xeral e a xestión, asesoramento e atención a grupos organizados non escolares.

O DEAC tamén funciona como lugar de prácticas para estudantes ou titulados recentes. Durante o curso 2012-2013, estivo realizando as súas prácticas no DEAC a alumna do ciclo superior de Animación Sociocultural do IES da Pontepedriña, Zaira Caamaño Remuñán pero ademais de funcionar como espazo de prácticas para estudantes e titulados, o DEAC é requirido desde varias titulacións universitarias para formar parte dos seus plans de estudos, ben como exemplo do que é a acción educativa e cultural nos Museos, ben como lugar de asesoramento e documentación para traballos de investigación.

En canto as actuacións fóra do espazo do Museo, a responsable do departamento, participou como relatora en dous cursos organizados polo CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación). O primeiro en Santiago de Compostela, *A dimensión pedagóxica dos museos* con unha sesión e o outro, *A educación patrimonial*, con dúas sesións no CEFORE da Coruña.

Colaboracións: ademais de co CGAC da que falamos co programa "Narrativas do Parque" e das persoas e entidades implicadas na Mostra de Cinema como a Alianza Francesa, o CGAI e o Cineclub Compostela, o DEAC colaborou coa Fundación Eduardo Pondal, Vagalume (Cáritas), co CAFI, co CEFORE da Coruña e co programa de Cursos Internacionais da USC.

Agradecementos: Asociación de Gaiteiros Galegos, Petri Serrano da Filмотeca Nacional, María Abelleira Fontán, Francisco Araujo Ferreira, Cástor Castro, Pablo Cayuela, Xan Gómez Viñas, Maca Igrejas Rocamonde, Xoán Ramón Marín Martínez, Patricia Noya Ruibal, Carlos Rodríguez Osorio, Sabela Pillado e Luis Prego.

7. OUTROS ACTOS

O 20 de xuño celebrouse un homenaxe ao pintor Leopoldo Nóvoa, organizado xunto coa Fundación do Pedrón de Ouro e a Galería SCQ. Interviñeron as patroas María Xosé Fernández e Mercedes Rozas, o patrón e presidente do Padrón de Ouro Xosé Ramón Fandiño, o patrón e director do Museo de Pontevedra José Carlos Valle, o director da Galería SCQ Adolfo Sobrino, os poetas Xulio Valcárcel e Xabier Seoane e o guitarrista Xosé Guzmán.

O 9 de xaneiro presentouse o libro *A luminosa mirada dos ollos de Isaac. Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa*, editado ao coidado de Xosé Ramón Fandiño, editado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, a Fundación do Pedrón de Ouro e o Museo do Pobo Galego colaboran na edición do libro e co patrocinio da Xunta de Galicia.

O 6 de marzo, para contribuír á conmemoración do Día da Muller, Mercedes Rozas, membro do Padroado do MPG, comisaria de exposicións e crítica de arte, pronunciou unha conferencia sobre o tema "A muller e a arte da resistencia".

Outros actos, organizados por entidades alleas ao Museo, foron:

| | | |
|-------|----|---|
| MAIO | 31 | Cata solidaria organizada por Viña Costeira a beneficio da Cociña Económica de Santiago |
| XUÑO | 29 | Concerto de corais do barrio de San Pedro |
| XULLO | 22 | Xurado XXXI Certame do Traxe Galego |

| | | |
|----------|-------|--|
| SETEMBRO | 12-14 | Curso UIMP Mobilidade en tempos de crise |
| OUTUBRO | 16 | 12h00 simposio farmacéutico |
| NOVEMBRO | 5-7 | COST Action – Proxecto Medioevo Europeo, congreso organizado pola Universidade de Santiago |
| XANEIRO | 9 | Presentación do libro Isaac Díaz Pardo |
| FEBREIRO | 7-8 | Congreso CONTECE |
| | 15 | Rolda de prensa sobre o 150º aniversario da primeira edición de <i>Cantares Gallegos</i> |
| MARZO | 20-21 | Curso sobre rehabilitación en madeira organizado polo Clúster da Madeira, o Consorcio de Santiago e a USC |
| MAIO | 2 | Dentro das IV Xornadas de Innovación educativa no Mundo Rural, presentación do vídeo <i>O liño, arte e cultura</i> |

8. O MUSEO ACOLLE

Un amplo número de entidades continúan a solicitar as dependencias do Museo para celebrar as súas xuntanzas e actividades. Entre elas, cabe mencionar:

- Asociación de Escritores en Lingua galega
- Asociación de Gaiteiros Galegos
- Asociación Galega de Antropoloxía
- Asociación polas Bibliotecas públicas e a Lectura (AGABEL)
- Asociación profesional de xestores culturais
- Associação galega da Língua (AGAL)
- Fundación Pedrón de Ouro
- Sociedade Galega de Historia Natural

Tamén os medios de comunicación, en particular diferentes produtoras que traballan para a TVG, utilizan os espazos do Museo para realizaren gravacións de diferentes programas.

9. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

FOROS DO IEI

Desenvolvéronse os foros sobre natalidade e vellez en Galicia, a través dos que se pretende analizar por que a sociedade galega non ten artellada unha resposta, consensuada e integral fronte ao grave problema do seu acelerado e intenso avellentamento, un dos maiores de Europa, logo de padecer durante décadas unha natalidade das máis cativas do noso continente. Asemade, os foros aspiran a encetar un debate na sociedade civil centrado na pescuda de solucións viables e sostibles, co maior consenso posible, para mantelas durante o tempo que fose preciso.

Organizáronse foros en Santiago (xuño), Lugo e Ourense (setembro), Pontevedra (novembro), Vigo (decembro) e A Coruña (xaneiro). En marzo celebrouse unha reunión conclusiva cos participantes e actualmente se traballa na recompilación das sínteses das intervencións xunto con achegas de especialistas, para elaborar un volume que se porá a disposición dos cidadáns.

APOI

A patroa Concha Losada, coa axuda do socio Fran Collantes, segue a traballar na organización do arquivo. Continúan os traballos de dixitalización, edición, estudo e publicación dos materiais incorporados ao fondo do APOI, e houbo que realizar traballos de actualización e mantemento da aplicación informática.

As solicitudes de axudas á Comisión Europea e ao Ministerio de Cultura non prosperaron, pero si se recibiu un importante continxente de materiais (gravacións musicais e de vídeo) procedente da Asociación de Gaiteiros Galegos.

10. FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

O Xurado do VIII Proxecto didáctico “Antonio Fraguas”, reunido o día 14 de xuño de 2012, resolveu por unanimidade:

- Premiar na modalidade de Ensino primario o proxecto **Fortes da Guerra de Restauración en Vila Nova da Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial**, do CEIP “PINTOR ANTONIO FERNÁNDEZ”- Goián destacando o seu emprego da fala, en especial coa recolleita, divulgación e conservación da fala goianesa, e o reforzamento do vínculo lingüístico co portugués nun contexto fronteirizo, ao tempo que utilizan o patrimonio inmaterial como vínculo identitario da poboación nova que chega a Goián, mirando dende o pasado cara o futuro.
- Premiar na modalidade de Ensino secundario o traballo **Outear** do IES POETA AÑÓN. Outes, destacando o proceso de recuperación patrimonial e da memoria histórica dun concello no que os cambios derivados das novas infraestruturas van supoñer un risco, asumindo nesta proxecto un reto con vistas á conservación da súa identidade a través da implicación interxeracional.

En 2013 publicouse, ao coidado da Deputación da Coruña, o libro *a evolución da agricultura e a súa incidencia no patrimonio inmaterial do Concello de Trazo*, produto do traballo do CPI Viaño Pequeno de Trazo premiado na VII edición do Proxecto didáctico Antonio Fraguas.